



**Procedemento:** Convocatoria e selección de persoal laboral temporal ao servizo da Corporación

**Número de expediente:** 199/2023

**Asunto:** Resolución da Alcaldía procedendo á admisión dos interesados no procedemento de selección, nomeamento do tribunal e data de exame. Tractoristas

Á vista da convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 94 en data do 25 de abril de 2023, co obxecto da contratación temporal de 2 tractoristas ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión en proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, respecto da praza seguinte:

Denominación do posto	Tractorista
Réxime	Persoal laboral temporal
Categoría profesional	Oficial
Titulación exigible	Certificado de escolaridade
Sistema selectivo	Oposición
Número de vacantes	2
Xornada	100 %





E examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

### RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI	Causa
Fernández Gegúndez, Enrique	***2962**	
Fernández Pérez, Miguel	***8028**	
García Álvarez, Carlos	***3073**	
López Méndez, Javier	***7799**	

Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
NINGÚN		

SEGUNDO. Posto que non hai ningún aspirante excluído, elevar a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos.

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI	Causa
Fernández Gegúndez, Enrique	***2962**	
Fernández Pérez, Miguel	***8028**	
García Álvarez, Carlos	***3073**	
López Méndez, Javier	***7799**	





Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
NINGÚN		

**TERCEIRO.** Nomear ao tribunal de selección coa seguinte composición:

- **Presidente:** Medardo Monteagudo López, empregado do Concello da Fonsagrada
- **Vogais:** José Luis López Arias, empregado do Concello de Castroverde;  
Emerio Camiño Fernández, empregado do Concello de Pol;  
Armando Álvarez Rodríguez, empregado do Concello de Negueira de Muñiz;
- **Secretaria:** María Jesús López López, empregada do Concello da Fonsagrada

**CUARTO.** Convocar aos aspirantes á realización do primeiro exercicio o día: **21 de xullo ás 9:00 Horas no Antigo Instituto de BUP de A Fonsagrada.**

O segundo exercicio consistirá nunha proba práctica e realizarase o mesmo día unha vez corrixidos e publicados os resultados do primeiro exercicio.

**QUINTO.** Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal de Selección e a data dos exames na sede electrónica deste Concello con expresa indicación do réxime de recursos:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso–Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso–Administrativa) , no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso–Administrativa.





*En A Fonsagrada\_ na data indicada ao marxe*

O Alcalde-Presidente

*Carlos López López*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

